



[CIG-SAÚDE vén de solicitar a retirada do nomeamento estatutario eventual de continuidade, coñecido como contrato de precarias.](#)

Na reunión da mesa sectorial celebrada **hoxe 19 de xullo de 2019**, abordouse o tema da **“Extensión do nomeamento estatutario eventual de continuidade á categoría de enfermeira/o”**

A **CIG-Saúde** esixiu a retirada deste tipo de nomeamento para médicas/os de primaria e enfermeiras/os por ser lesivo para as/os traballadoras/es, porque aumenta a precariedade laboral, a dispoñibilidade para o SERGAS e por crear unha fenda salarial neste persoal.

Este vínculo incorpora no cadro de persoal do SERGAS prazas fixas con condicións laborais precarias. As novas prazas fixas serán nas mesmas condicións que as dos contratos precarios.

A CIG-SAÚDE esixe o mesmo tratamento para o persoal eventual que para o persoal fixo. É inadmisíbel que asinemos un acordo de mellora de condicións de persoal de PACs e pola contra se lles dea os parabéns ao SERGAS con este contrato precario.

Algunhas diferenzas entre o acordo de PACs e o contrato precario.

Acordo PACs	Nomeamento precarias
Plans funcionais sen incremento da xornada ordinaria	Obrigatoria xornada ordinaria + xornada complementaria
Cumprimento das carteleiras establecidas a primeiro de ano	Con sorte coñecerán o 60% da carteleira seguinte mes
Prestación de servizo nun único PAC	Prestación en máis dun centro e PACs do mesmo distrito

~~En ningún caso se trata de un contrato de duración determinada, senón de un contrato de duración indefinida e de carácter ordinario.~~

Categoría	Valor hora Complementaria	Nocturnidade	Domingos e Festivos
Médica/o PACs	25.56 €/hora	5.07 €/hora	12.07 €/hora
Médica/o Precaria	23.76 €/hora	00 €/hora	00 €/hora
Enfermeira/o PACs	16.74 €/hora	4.07 €/hora	9.69 €/hora
Enfermeira/o Precaria	18.91 €/hora	00 €/hora	00 €/hora

~~Para ter o acordo de PACs é necesario estar nun prazo de 6 meses de solicitar a contratación estatutaria. Para ter o contrato precario é necesario estar nun prazo de 6 meses de solicitar a contratación estatutaria. Para ter o contrato precario é necesario estar nun prazo de 6 meses de solicitar a contratación estatutaria.~~